

Exp. 46511/220

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA (1) PRAZA DE ALGUACIL NOTIFICADOR/A INCLUÍDA NA 2ª FASE DA OEP DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 (QUENDA LIBRE)**ANUNCIO SOBRE A RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓN AO TEST E NOVAS PUNTUACIÓNS POR ANULACIÓN DE TRES PREGUNTAS (15, 24 e 26) SUBSTITUIDAS POLAS TRES PRIMEIRAS DE RESERVA****PUBLICACIÓN ACORDOS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ADOPTADOS EN SESIÓN DO 03/12/2025:****“I.- SOBRE OS ESCRITOS DE RECLAMACIÓN ÁS PREGUNTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO:**

O órgano de selección acorda sistematizar a resolución das reclamacións agrupándoas por pregunta do cuestionario, aspirantes reclamantes, resume sucinto da reclamación, motivación do órgano de selección e acordo adoptado.

PREGUNTAS IMPUGNADAS:

- Alegación formulada por Dna. R.C.M., presentada o 24/11/2025, con número de rexistro de entrada nº 250338785, impugnando a pregunta 15.

- Alegacións formuladas por D. B.P.R., presentadas o 26/11/2025, con número de rexistro de entrada nº 250340800, impugnando as preguntas 15, 17, 24 e 26.

A continuación analízanse as alegacións, adoptando por unanimidade o órgano de selección os seguintes acordos respecto de cada unha das preguntas obxecto de alegación:

PREGUNTA Nº 15.

Comenzando pola **pregunta número 15**, o seu literal é o seguinte:

“Según la sección 1º del capítulo II del Título I de la Constitución Española no es un derecho fundamental reconocido constitucionalmente:

- a) El derecho a la educación.
- b) La autonomía universitaria.
- c) El derecho a la propiedad pública.
- d) El derecho a un trabajo digno.”

A resposta proposta polo tribunal como correcta é a **c**.

Reparar que a pregunta é negativa: Aquel que NON é un dereito fundamental, pero referido aos indicados na sección 1ª do capítulo II do Título I

A aspirante, resumindo, alega que a resposta indicada na opción d) non é un dereito fundamental recoñecido na sección 1ª do capítulo II do Título I, senón no artigo 35 da Constitución, que se encadra na sección 2ª do capítulo II do Título I, “Dos dereitos e deberes dos cidadáns”.

Imos analizar, en primeiro lugar, a situación de cada unha deses dereitos, se existen, na Constitución Española de 1978, así como a consideración de reposta correcta ou incorrecta:



Copia do documento - Concello de Vigo
46511-220

Data impresión: 09/12/2025 14:05

Páxina 1 de 6

CSV: ABAAD6-CF5CDE-4H26B2-4R7SGJ-9RGFU3-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- 1) A opción a) regúlase no artigo 27, apartado 1: “Todos teñen o dereito á educación. Recoñécese a liberdade de ensinanza”. Este artigo está claramente integrado na sección 1ª do capítulo II do Título I. Polo tanto, esta opción sería incorrecta.
- 2) A opción b) tamén se regula no artigo 27, esta vez no apartado 10: “Recoñécese a autonomía das Universidades, nos termos que a lei estableza”. Igual que a opción anterior, esta resposta é claramente incorrecta.
- 3) A opción c) non se regula na constitución. Respecto desta indicar que o artigo 33, apartado 1, establece que “recoñécese o dereito á propiedade privada e á herdanza”, polo que o que se buscaba é que os aspirantes tivesen claro que o dereito recoñecido non é a propiedade pública, senón á privada, considerando o tribunal de selección que esta opción sería a correcta.
- 4) A opción d) se regula no artigo 35 da Constitución, que segundo o apartado 1: “1. Todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo”. Esta opción, inicialmente, o tribunal de selección considerouna incorrecta, xa que se trata dun dereito. Pero resulta evidente que non está incluído na sección 1ª do capítulo II do Título I da Constitución Española.

Polo tanto, temos dúas opcións, a a) e a b) que se corresponden con dereitos fundamentais recollidos nesa sección 1ª do capítulo II do Título I, polo que non serían opcións correctas (lembrar que a pregunta fórmulase en negativo). E logo temos outras dúas opcións. A primeira delas nin sequera sería un dereito fundamental, xa que o artigo 33 recoñece o dereito á propiedade privada, non á pública. E a outra que si recolle un dereito, pero non na sección indicada no enunciado.

Con todo o argumentado, poderían considerarse válidas as respostas c) e d), o que incumpre o establecido no apartado V, “Exercicios da oposición”, das bases específicas da praza de Alguacil-Notificador/a, na que o tribunal, na realización da proba, indicou que so había unha resposta válida por cada pregunta.

Polo tanto, procede estimar a alegación da aspirante e anular a pregunta número 15, que pasa a ser substituída pola primeira (1) de reserva, cuxo enunciado é “¿Cuándo se entienden rechazadas las notificaciones por medios electrónicos?”.

PREGUNTA Nº 17.

A **pregunta número 17** está redactada como segue:

“Según el artículo 46 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, los órganos colegiados de las entidades locales funcionan en régimen de sesiones:

- a. Ordinarias con periodicidad establecida.
- b. Extraordinarias, que pueden ser, además, urgentes.
- c. A y b son correctas.
- d. Ordinarias sin periodicidad establecida y extraordinarias.”

A resposta proposta polo tribunal como correcta é a **c**.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/12/2025 14:05	Páxina 2 de 6
46511-220	CSV: ABAAD6-CF5CDE-4H26B2-4R7SGJ-9RGFU3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A alegación basease en que non se formula a pregunta coa literalidade do artigo 46 . Este artigo recolle : “1. Los órganos colegiados de las entidades locales funcionan en régimen de sesiones ordinarias de periodicidad preestablecida y extraordinarias, que pueden ser, además, urgentes.”

Segundo o Dicionario da RAE, preestablecido significa, “*Establecido por ley o reglamento con anterioridad a un momento determinado*”. Polo tanto, a redacción da pregunta non da lugar a equívocos, a periodicidade establecida é necesariamente unha periodicidade que está fixada. A redacción “*Ordinarias con periodicidad establecida*” non xera confusión xa que está claro que se refire a unha periodicidade xa establecida; en ningún caso pode entenderse referida a unha periodicidade futura.

En consecuencia o órgano de selección acorda desestimar a alegación á pregunta número 17.

PREGUNTA Nº 24.

A **pregunta número 24** está redactada como segue:

“Según el artículo 20 de la Ley 43/2010, del Servicio Postal Universal, de los derechos de los usuarios y del mercado postal, indique, de las siguientes opciones, cual se corresponde con una característica del servicio postal universal:

- a. Es gratuito para todos los usuarios.
- b. Se presta en régimen ordinario en todo el territorio nacional.
- c. Se presta en régimen extraordinario en todo el territorio nacional.
- d. Se presta en régimen permanente.”

A resposta proposta polo tribunal como correcta é a **b**.

O artigo 20 da Lei 43/2010, establece o seguinte:

Artículo 20. Concepto.

Se entiende por servicio postal universal el conjunto de servicios postales de calidad determinada en la ley y sus reglamentos de desarrollo, prestados en régimen ordinario y permanente en todo el territorio nacional y a precio asequible para todos los usuarios.

Á vista da redacción do artigo, que inclúe que o servizo se presta en réxime permanente, sen especificar se é ou non en todo o territorio nacional, e omitindo a resposta d) esta determinación, o tribunal considera que dá lugar a confusión, xa que non establece (nin omite) expresamente a limitación territorial.

Polo tanto, procede estimar a alegación do aspirante e anular a pregunta número 24, que pasa a ser substituída pola segunda (2) de reserva, cuxo enunciado é “Según el artículo 116 de la Ley 2/2015, de 25 de abril, de empleo público de Galicia....”.

PREGUNTA Nº 26.

A **pregunta número 26** está redactada como segue:

“¿Cuál es el peso máximo recomendado de levantamiento de carga si se realiza entre la población compuesta por mujeres y/o trabajadores jóvenes o mayores:

- a. 5 Kg.





- b. 10 Kg.
- c. 15 Kg.
- d. 20 Kg.”

A resposta proposta polo tribunal como correcta é a **c**.

A *Guía Técnica para a evaluación e prevención dos riscos derivados da manipulación manual de cargas*, editado polo Instituto Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo del Ministerio de Trabajo y Economía Social, redactada de acordo co Real decreto 487/1997, de 14 de abril, establece na súa presentación o seguinte:

El artículo 8 de la Ley de Prevención de Riesgos Laborales establece como función del Instituto Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo¹, entre otras, la realización de actividades de información y divulgación en materia de prevención de riesgos laborales.

Por otra parte, el artículo 5.3 del Reglamento de los Servicios de Prevención contempla la posibilidad de que se utilicen guías del Instituto Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo “cuando la evaluación exija la realización de mediciones, análisis o ensayos y la normativa no indique o concrete los métodos que deben emplearse, o cuando los criterios de evaluación contemplados en dicha normativa deban ser interpretados o precisados a la luz de otros criterios de carácter técnico”.

La disposición adicional segunda del Real Decreto 487/1997, de 14 de abril, sobre disposiciones mínimas de seguridad y salud relativas a la manipulación manual de cargas que entrañe riesgos, en particular dorsolumbares, para los trabajadores establece que “El Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo elaborará y mantendrá actualizada una Guía Técnica para la evaluación y prevención de los riesgos relativos a la manipulación manual de cargas”.

La presente guía, actualizada a fecha de setembro de 2024, ha sido elaborada en cumplimiento de este mandato legal y tiene por objetivo facilitar la aplicación del mencionado real decreto, proporcionando criterios e información técnica para la evaluación y prevención de los riesgos derivados de la manipulación manual de cargas.

Na páxina 16 desta guía establecece:

La edad y el sexo son factores que también modifican este peso máximo en condiciones ideales, según los valores recogidos en la tabla 2.

Características de la población			Peso máximo (Kg)
			Edad (años)
Sexo	Mujeres	20-45	20
		< 20 o >45	15
	Hombres	20-45	25
		< 20 o >45	20

Tabla 2: Tabla de pesos de referencia máximos que no se deben sobrepasar en función del sexo y de la edad. Fuente: Norma ISO 11228-1.

Tendo en conta a data da edición actualizada da Guía (2024), o tribunal de selección considera que procede estimar a alegación do aspirante e anular a pregunta número 26, que pasa a ser substituída pola terceira (3) de reserva, cuxo enunciado é “¿Qué área del Ayuntamiento de Vigo se ocupa del alumbrado público?”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/12/2025 14:05	Páxina 4 de 6
46511-220	CSV: ABAAD6-CF5CDE-4H26B2-4R7SGJ-9RGFU3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II.- NOVA CORRECCIÓN COMO CONSECUENCIA DA ANULACIÓN DAS PREGUNTAS 15, 24 e 26 E USO DAS TRES PRIMEIRAS PREGUNTAS DE RESERVA.

Vista a anterior motivación, o órgano de selección acorda:

Primeiro.- Anular as preguntas 15, 24 e 26 e facer uso das tres primeiras preguntas de reserva.

Segundo.- Proceder novamente á corrección dos exames test mediante o programa informático destinado a tal fin resultando as seguintes puntuacións:

ID	Nota
520085	6,333
520107	5,167
520118	Non apto/a
520652	Non apto/a
520741	9,000
520752	Non apto/a
520763	Non apto/a
520774	6,167
520785	Non apto/a
520796	Non apto/a
520807	Non apto/a
520818	Non apto/a
520841	9,000
520863	Non apto/a
520885	5,333
520896	6,500
520907	7,500
520918	Non apto/a
520929	Non apto/a
520941	Non apto/a
520963	Non apto/a

Terceiro.- Publicar o resultado da nova corrección na páxina web municipal e no taboleiro de editos do Concello, cos efectos previstos no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas que establece:

“En todo caso, los actos administrativos serán objeto de publicación, surtiendo ésta los efectos de la notificación, en los siguientes casos:



b) Cuando se trate de actos integrantes de un procedimiento selectivo o de concurrencia competitiva de cualquier tipo. En este caso, la convocatoria del procedimiento deberá indicar el medio donde se efectuarán las sucesivas publicaciones, careciendo de validez las que se lleven a cabo en lugares distintos.”

Cuarto.- Contra as novas puntuacións do primeiro exercicio caberá interpoñer recurso de alzada, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen proceden consonte a Dereito”.

A Secretaria do órgano de selección (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2025 14:05

Páxina 6 de 6

46511-220

CSV: ABAAD6-CF5CDE-4H26B2-4R7SGJ-9RGFU3-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>